

# O muíño da Fraga

JUAN CARLOS MEIZOSO PAN \*

**O** muíño ten un papel moi importante dentro da arquitectura popular galega, dado que o grao foi un elemento fundamental na economía tradicional. En Galicia os muíños son abundantes, variados e presentan un folclore moi rico.

Nós imos estudar o muíño da Fraga, un pequeno muíño situado á beira do río Manteiga, ó seu paso polo monte da Fraga en Montouto e que pertence ó tipo chamado hidráulico de regato.

A auga que utiliza o muíño chega ata el a través dunha canalización do regato que recolle a auga nun estanque ou pozo. Alí queda almacenada para que poida ser utilizada cando se precise.

As distintas pezas que forman o muíño son:

— a moega: peza de madeira con forma de pirámide invertida onde se deposita o grao que vai ser moído.

— a caneta: é o lugar por onde se desliza o grao ata o interior da capa.

— a capa é unha pedra de granito de forma circular que xira sobre o pé: pedra de granito que permanece fixa, situada debaixo da capa.

— caixa: revestimento de madeira ó que vai caer o grao unha vez moído. Cando a caixa está chea, o grao cae noutro compartimento chamado caixón.


— a billa: palanca de ferro situada no piso do muíño. Pon en funcionamento o muíño.

— o rodicio: roda de madeira xiratoria que transmite o movemento ós demais elementos do muíño.

— o eixo: peza de madeira que une o rodicio coa capa.

O proceso de traballo que segue o muíño é o seguinte:

O grao vértese na moega e a continuación procédese a regular o mecanismo que permita darlle maior ou menor espesor ao grao; inmediatamente tírase da billa que acciona a comporta existente entre pozo e cubo, deixando caer a auga a través deste último; a auga bate nas aletas do rodicio facendoo xirar; á sua vez, por medio do movemento transmitido a través do eixo, fixado ó rodicio, xira a capa; o eixo posúe no extremo superior unha prolongación máis estreita cuns saíntes a modo de estrias en todo o seu perímetro, que, ó xirar, tropezan co extremo da caneta provocando un movemento vibratorio que fai que o grao se deslice por ela ó espacio que hai entre a capa e o pé. O grao triturado vai parar á caixa, e, se ésta se enche, ó caixón.



Mapa topográfico: emprazamento do muíño da Fraga en Montouto. Os círculos pequenos corresponden a outros muíños e cabanas, en Quintán de Cabanas



Vista exterior do muíño. En primeiro plano, o estanque onde queda recollida a auga do regato; a auga chega a través dun filtro para evitar que a maleza e os obxectos arrastrados podan estropear o mecanismo do muíño.

(\*) Este traballo foi realizado para a asignatura de Formación Humanística de segundo grado, na rama de Delineación, no Instituto de F.P. de Betanzos. Está dirixido e supervisado por Juana Ferrer, profesora da asignatura no curso 86-87. O informador foi don Xesús Arcay, cuñado do último muíneiro.



*Billa que pon a funcionar o muiño.*



*Sistema de regulación do grosor do grao. Para fariña máis viva desprázanse as cuñas cara adiante, para fariña miuda desprázanse cara atrás.*



*Detalle do muiño: moega, capa e caixa. Na moega introdúcese o grao, que se desliza pola caneta ata a capa. Entre esta e o pé tritúrase e queda recollido na caixa.*



No muiño existe un sistema de regulación do espesor do grao, según estea destinado a uso doméstico ou como alimento do gando. Este sistema está formado por:

- un puntal de madeira
- unhas cuñas
- un brazo
- unha palanca
- un taco de madeira.

Para conseguir unha fariña máis viva desprázanse as cuñas cara adiante, o que fai que o brazo sexa empuxado cara abaixo; así, a palanca sube conseguindo levantar a capa e deixando máis espaciao entre as dúas pedras; como o espaciao entre elas é grande o grao non se tritura tanto e a fariña sae grossa. Pola contra, se se desexa unha fariña máis miuda, o proceso invírtese: as cuñas desprázanse cara atrás, o brazo sube, baixa a palanca e a capa baixa; o resultado será unha fariña fina.

Unha vez que o grao se termina, o muiñeiro baixa a billa e o muiño queda parado. Pero hai outra maneira de parar o muiño de forma que o muiñeiro non teña que estar presente para accionar a billa que corte a entrada da auga: chámase paradeira e faise funcionar cando, dentro da moega e debaixo do grao, métese unha pequena peza de madeira de forma piramidal que, a través dunha roldana e amarrada cun cordel chega ó freno. Cando a moega queda

*A paradeira, sistema automático de parada do muiño. Evita que se desgasten a capa e o pé, se o muiñeiro non está presente no momento en que se acaba o grao.*

valeira, a peza de madeira queda libre, desprázase e pega no enganche do pechadoiro; así, córtase a entrada da auga e o muiño queda parado.

Este mecanismo é importante xa que libera o muiñeiro de estar atento ó momento en que se acababa o grao para parar o muiño, xa que cando este seguía funcionando sin grao, as dúas pedras, a capa e o pé, gastábanse.

Outros útiles cos que se axuda o muiñeiro son unha xesta, especie de basoira sin mango, e unha rapa, espátula de madeira que se utiliza para recoller a fariña e metela no saco.


O sistema de cobro utilizado neste muiño é a maquia, que consistía en cobrar unha medida

por ferrado moído (era aproximadamente 1/2 Kg. por cada ferrado, que ven ter 12 ou 13 Kg.). Este sistema permitía que o muiñeiro non tivese falta de grao na súa despena.


O muiñeiro compartía este traballo co traballo no campo. Unha vez incorporada a paredeira ós outros elementos do muiño, o que facía era poñer a funcionar o muiño e recoller o grao

unha vez moído. Durante a moenda atendía ás labores da súa casa.


Este muiño funcionou moito nas décadas do 50 e 60. Hoxe o muiño está parado. Cando apareceron os muiños eléctricos relegaron a un segundo plano ós de auga. Como di o noso informador, estes, «mais que muiños, son obras de arte».




PLANTA



SECCION A-A




SECCION B-B



SECCION C-C

- 1.— Moega.
- 2.— Pes de madeira que sosteñen a moega.
- 3.— Caneta.
- 4.— Eixo.
- 5.— Caixa.
- 6.— Capa.
- 7.— Pé.
- 8.— Rodicio.
- 9.— Muiño (piso da caseta).
- 10.— Caixón.
- 11.— Billa.

### SISTEMA DE REGULACION (Detalle A)



- 1.— Puntal de madeira no que hai uns saintes que impiden ó brazo subir ou baixar.
- 2.— Cuñas para erguer ou baixa-lo brazo.
- 3.— Brazo que fai que a palanca suba ou baixe.
- 4.— Palanca que acciona o movemente de regulacion do espesor da fariña.
- 5.— Taco de madeira que serve de apoio ó brazo.